

cións procede darlle publicidade ó baremo definitivo.

En consecuencia, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nas delegacións provinciais, a partir do día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, as puntuacións definitivas dos baremos establecidos na Orde do 16 de xullo de 2002.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderá interpoñerse recurso de alzada, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2002.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

Resolución do 11 de decembro de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncia a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, artigo 15 da Lei de medidas, na especialidade de psicoloxía e pedagogía.

De conformidade coa base común 7.1 da Orde de 11 de xullo de 2002 pola que se convocaban procedementos selectivos de acceso ó corpo de profesores de ensino secundario artigo 15 da Lei de medidas, na especialidade de psicoloxía e pedagogía, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Publicada a lista provisional e resultas as reclamacións procede darlle publicidade ó baremo definitivo.

En consecuencia, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nas delegacións provinciais, a partir do día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, as puntuacións definitivas dos baremos establecidos na Orde do 11 de xullo de 2002.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderá interpoñerse recurso de alzada, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2002.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Resolución do 29 de novembro de 2002, da Dirección Xeral de Obras Públicas, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se aproba definitivamente o plan denominado Plan Sectorial da Rede Viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugar dos e Cabanas como Plan sectorial de incidencia supramunicipal para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Antecedentes:

1. Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de xullo de 2001 declarouse:

-A incidencia supramunicipal do Plan Sectorial da Rede Viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugar dos e Cabanas.

-Que fose a Dirección Xeral de Obras Públicas o órgano competente para a tramitación do expediente.

-Que as determinacións contidas no plan sectorial vincularán ó planeamento urbanístico dos concellos afectados.

2. Con data 3 de agosto de 2001 sométese o plan sectorial ó trámite de audiencia dos concellos afectados.

3. No *Diario Oficial de Galicia* do 14 de agosto de 2001 publícase a resolución da Dirección Xeral de Obras Públicas pola que se somete a información pública durante dous meses o Plan Sectorial da Rede Viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugar dos e Cabanas.

4. Con data 9 de xullo de 2002, a Dirección Xeral de Urbanismo, da CPTOPV, emite informe favorable desde o punto de vista da ordenación do territorio, por proposta de aprobación técnica do plan sectorial, remitida en data 6 de xuño de 2002 pola Dirección Xeral de Obras Públicas.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 19 de setembro de 2002, acordou:

1. Aprobar definitivamente o plan denominado Plan Sectorial da Rede Viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares e Mugar dos, coas seguintes modificacións e propostas consecuencia da análise dos informes, observacións e alegacións presentadas durante a fase de exposición pública:

-O trazado definitivo da vía de acceso ó porto exterior queda pendente do estudio de alternativas e conclusións ás que chegue o estudio informativo denominado EI-4-LC-09 acceso terrestre á ampliación do porto de Ferrol en Cabo Priorio que desen-

volve, na actualidade, a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

-O trazado definitivo da Ronda Oeste de Fene queda pendente do estudio que na actualidade está redactando a CPTPOPV, o cal recollerá unha solución consensuada cos principais entes implicados.

-Apróbase o trazado da vía de conexión A-9 coa C-642, se ben a súa denominación pasa a ser de estrada convencional con accesos controlados. A particularidade de accesos controlados considérase fundamental para a seguridade vial nas estradas colectoras das zonas urbanas. Queda pendente de definición en posteriores estudos de detalle realizados para desenvolver a presente vía (sexa estudio informativo ou proxecto de trazado), ou ben, dentro do propio PXOU de Neda (en fase de redacción), a materialización do control de accesos.

-Calquera actuación que afecte as vías aprobadas no presente plan deberá incluír entre a súa documentación a correspondente xustificación da súa compatibilidade co plan sectorial, mediante anexo, onde non só se estableza a afección sobre a rede proposta no plan sectorial, senón tamén que a capacidade da rede viaria é suficiente para absorber a planificación urbanística proposta, debendo de establecerse reserva de solo para novas vías, se a capacidade fose insuficiente.

2. As determinacións contidas no Plan Sectorial da Rede Viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas vincularán o planeamento urbanístico dos concellos afectados, os cales deberán adaptalas dentro dos prazos que para tal efecto nel se determinen.

3. Declara-la utilidade pública dos bens afectados polo plan sectorial para os efectos expropiatorios.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2002.

Agustín Hernández-Fernández de Rojas
Director xeral de Obras Públicas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 25 de novembro de 2002, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fai pública a adxudicación de varios contratos de subministración.

En cumprimento do previsto no artigo 93 do texto refundido da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, faise público que o secretario xeral, actuando en nome do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, por delegación de atribucións segundo a Orde do 21 de xuño de 1996, acordou darlle publicidade ás adxudicacións que se indican de seguido:

Contratación da subministración de material informático para ciclos formativos de centros docentes dependentes desta consellería. Expediente 1/02SU.

Lote 1:

Adxudicatario: *Softgal, Servicios de Software de Galicia, S.A.*

Orzamento: 105.000 €.

Contratación da subministración sucesiva de mesas de ordenador bipersoais para centros docentes dependentes desta consellería. Expediente 8/02SU.

Lote 1:

Adxudicatario: *Federico Giner, S.A.*

Orzamento: 211.874 €

O que se fai público para os efectos do previsto no artigo 93 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2002.

Máximo García Serrano
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

Resolución do 11 de decembro de 2002 pola que se anuncian, polo sistema de concurso de procedemento aberto, as obras de ampliación do Conservatorio Superior de Música de Vigo (Pontevedra) (36016085).

1. Entidade adxudicadora: Xunta de Galicia.

a) Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Dependencia que tramita: Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: ampliación do Conservatorio Superior de Música.

b) Lugar de execución: Vigo (Pontevedra).

c) Prazo de execución: 4 meses.

d) Nº de expediente: SXCE 11/02/O.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 416.974,55 euros.

5. Garantías.

Provisional: ver prego.

6. Obtención de documentación e información.

6.1. Información.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Oficina de Información).

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n, e delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

6.2. Documentación.

a) Teléfono: 981 59 07 11.

b) Enderezo: Rúa Nova, 19 Santiago de Compostela (A Coruña).